

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Secretaría

Bases polas que debe rexerse a convocatoria do concurso de microrrelatos “(re)inventando Carvalho Calero”, para a celebración adiada do Día das Letras Galegas e para o fomento da creación literaria na modalidade de narrativa breve en galego

Bases polas que debe rexerse a convocatoria do concurso de microrrelatos “(RE)INVENTANDO CARVALHO CALERO”, para a celebración adiada do Día das Letras Galegas e para o fomento da creación literaria na modalidade de narrativa breve en galego.

Mediante decreto da Alcaldía núm. 2088/2020 de data 06/10/2020 resolveuse o seguinte:

Primeiro.- A aprobación das bases que rexerán o concurso (RE)INVENTANDO CARVALHO CALERO.

Segundo.- Aprobar a convocatoria do concurso (RE)INVENTANDO CARVALHO CALERO.-

Terceiro.- Autorizar, segundo o contido das bases reguladoras, o gasto en concepto de premios, por importe global de 1000 €.- que se financiará con cargo a aplicación orzamentaria 3342.22699.-

Cuarto.- Ordenar a publicación da convocatoria e bases na páxina web do Concello de Sada e no BOP da Coruña.-

BASES REGULADORAS DO CERTAME DE MICRORRELATOS “(RE)INVENTANDO CARVALHO CALERO

1. EN QUE CONSISTE?

“(Re)inventando Carvalho Calero” é un certame de microrrelatos en galego que ten como obxectivo fomentar a creación literaria na modalidade de narrativa, así como dar a coñecer a figura de Ricardo Carvalho Calero, autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2020. Este concurso literario está aberto a toda a comunidade, sen límite de idade. As persoas que quixeren participar poderán crear un microrrelato inspirado na obra literaria deste autor.

2. QUEN PODE PARTICIPAR?

Pode participar calquera persoa, independentemente da súa idade, que respectar os prazos de presentación dos textos e que cumprir cos requisitos que se recollen no seguinte punto.

3. HAI ALGÚN REQUISITO?

- As obras serán de tema libre e terán unha extensión máxima de 250 palabras, incluíndo neste total o número de palabras do fragmento escollido. Presentaranse en formato .pdf e deberán estar escritos con espazo duplo e cunha fonte de 12 puntos de tamaño.

- Só se admitirán textos escritos en galego.

- Todos os traballos deberán ter un título.

- Os microrrelatos deberán conter un fragmento procedente dunha obra narrativa de Carvalho Calero, que terá de estar sinalado en letra cursiva e aparecer obrigatoriamente ao comezo do texto, marcando deste xeito o inicio do relato. Así, partindo dunha obra de prosa narrativa xa publicada, será posíbel (re)inventar e dar continuidade ás palabras do autor de acordo coas preferencias persoais de cada participante. A seguir preséntase unha serie de fragmentos tirados das obras narrativas de ficción máis representativas de Carvalho Calero. As persoas concursantes deberán escoller só un deles para comezar o seu relato.

1. Antónia jaz no seu leito, a dormir, aínda que é de día. O seu derradeiro sono na súa casa, a pequena bufarda que a acolheu desde meninha. Está serena, e mesmo se diría que feliz. Tan tranquilo e doce é o sorriso dos seus lábios finos que parece que acham neste derradeiro sono a verdadeira dita. Dorme o seu derradeiro sono antes de saír para dormir fora definitivamente no alto de Canido.(Scórpico [1987], 2017)

2. O máis novo dos Frade de Eiris atopou-se con que aqueles montes escalvados eran todo o que puidera arrabuñar da herdanzados seus país. Feitas as partillas, aos bens da casa aconteceu-lles o que à cabuja que, esnaquizada en moitos anacos, non abonda para nada. (A gente da Barreira[1951], en Narrativa completa, 1984)

escalvados: áridos, sen vexetación; cabuja: cría da cabra cando xa deixou de mamar.

3. O serán acougado do domingo esparage a sua paz sobre as curtiñas que os regos acoitelan con siléncios de prata, sobre as carballeiras e os soutos onde a rula dá corda ao seu relógio de dentada roda, sobre os piñeirais que sobrevoan as lagarteiras a peneirar a luz do empardecer. (Os señores da Pena, en Narrativa completa, 1984)

espareger: espallar, estender.

4. No país de Erika, aos nenos traen-nos as cegoñas. Os nenos están no río, no fondo do río. Ali están dormindo. Como o río é fondo, non se ven. Mais están ali. Cando un pai e unha nai queren un neno peden-llo à cegoña. Pola noite, a cegoña afunde o seu peteiro e tira afora un neno, ou unha nena. (A cegoña [1957], en Narrativa completa, 1984)

- Os textos presentaranse en formato dixital e enviaranse por correo electrónico ao seguinte enderezo: sada.cul@sada.gal, indicando no asunto do correo Certame de Microrrelatos “(Re)inventando Carvalho Calero”.

Co fin de garantir o anonimato remitiranse dous arquivos anexos:

- Un arquivo co microrrelato en formato PDF, no cal debe figurar o título do relato e o pseudónimo da autoría na marxe superior dereita. O nome do documento debe axustarse ao seguinte formato: título do relato_ pseudónimo.

- Un arquivo coa folla de inscrición en PDF. O nome do documento ten que atender ao seguinte formato: folla de inscrición_ pseudónimo.

A organización encargarse de que o xurado reciba os textos dos microrrelatos sen coñecer a súa autoría.

4. CANTAS CATEGORÍAS E PREMIOS HAI?

Estabeleceranse tres categorías e, en cada categoría, un premio único. O galardón poderá quedar deserto se o xurado así o considerar.

1ª Categoría (até os 13 anos)

- Premio único: un eBook e un lote de libros infanto-xuvenís

2ª Categoría (dos 14 aos 17 anos)

- Premio único: un eBook e un lote de libros

3ª Categoría (18 anos ou máis)

- Premio único: un eBook e un lote de libros

5. CALES SON OS PRAZOS?

Os microrrelatos poderanse presentar a partir do día seguinte ao da publicación das bases no BOP da Coruña, o cal será anunciado tamén na páxina web municipal e nos perfís de RRSS do Concello de Sada.

O prazo para a presentación dos textos será de 30 días naturais, que comezarán a contar a partir do día seguinte ao da publicación das bases no devandito BOP.

6. QUEN ESCOLLE A PUBLICACIÓN GAÑADORA?

O xurado estará formado por tres escritores e escritoras sadenses de recoñecido prestixio e polo/a lector/a do ano, isto é, a persoa que durante o ano 2019 retirase máis libros da Biblioteca Pública Municipal Ramón Suárez Picallo. A súa composición farase pública antes da emisión do ditame e será anunciada na páxina web municipal e nos perfís de RRSS do Concello de Sada.

7. ONDE SE PUBLICARÁN OS TRABALLOS?

Os textos premiados publicaranse na revista Areal, na páxina web municipal e nos perfís de RRSS do Concello de Sada.

8. CUESTIÓN LEGAIS E PROTECCIÓN DE DATOS

As autoras e os autores dos traballos presentados cederán á Concellaría de Normalización Lingüística do Concello de Sada o dereito de uso para a súa difusión en diferentes publicacións municipais, unicamente con fins divulgativos.

As persoas participantes autorizan o Concello de Sada para o tratamento dos datos persoais exclusivamente coa finalidade de xestionar a súa inscrición e o funcionamento da presente convocatoria. En ningún momento os datos depositados serán compartidos con terceiros.

Salvo que manifesten o contrario, as persoas participantes no certame autorizan o Concello de Sada a empregar os seus datos persoais e a súa imaxe en publicacións na web municipal, nas redes sociais e nas revistas locais.

Sada, 7 de outubro de 2020

O Alcalde

Óscar Benito Portela Fernández

2020/7421